

Lingua galega e literatura. Actividades de Semántica (adaptadas de anietopazo)

- Cando os significantes de dúas palabras coincidiron por evolución fonética, prodúcese a... **homonimia**
- Que relación de oposición existe entre *amo / criado*, *caro / barato* e *igual / diferente*? **Recíprocos Antónimos Complementarios**
- Existen merónimos de *libro*, *lentes* ou *teléfono móbil*? Por que? **Si, pois designan unidades conformadas por diferentes partes: capa, contracapa, lombo..**
- Cal é o sema diferencial das seguintes parellas de palabras?  
**Mov. ascendente / descendente** *abalo – devalo* *fender – rachar* **Soporte / - (como codia terrestre son intercambiábeis)** *chan – solo* *coñecido – público*  
**De xeito uniforme / non** **- / Posíbel, accesíbel**
- Que teñen en común as palabras subliñadas? Concreta o fenómeno.  
*Teño un contador de vinte amperes* *O seu sadismo parece non ter límites* **Proceden de nomes de persoas.**  
*Toca o saxofón desde cativa* *Pasteurizamos todos os nosos produtos* **Metonimia**
- Cando a derradeira **ÁRBORE** sexa cortada, o derradeiro río envelenado, o derradeiro **PEIXE** pescado, só daquela, as persoas se decatarán de que os **CARTOS** non se poden comer. A partir desta sentenza do xefe dos Sioux coñecido como Touro Sentado, achega dous hipónimos de cada unha das palabras en maiúscula e mais un hiperónimo que cubra o campo de *árbore*, *río* e *peixe*.
- É verdadeiro ou falso?  
**F** a) O termo *servidor* reduciu o seu significado nos últimos tempos.  
**V** b) *Couza* e *traza* son sinónimos absolutos ou totais.  
**V** c) A palabra *compañeiro* ampliou o seu significado ao longo da historia.  
**V** d) *Comezo* e *final* son termos complementarios.  
**Parónimos (F)** e) *Intercesión* e *intersección* poden ser palabras homófonas.  
**V** f) Palabras monosémicas son aquelas que unicamente posúen un significado.
- En cada unha das seguintes oracións hai un eufemismo. Localízao e di que tabú substitúe.  
a) *Deixounos o ano pasado logo dunha doenza moi grave.* **Morreu - cancro**  
b) *Moitos países en vías de desenvolvemento teñen grandes riquezas.* **pobres, empobrecidos**  
c) *Pareceume que era moi amigo do alleo.* **ladrón**
- Que teñen en común os termos *flexibilidade laboral*, *asentamentos*, *danos colaterais*, *reaxuste de prezos*? Que formas substitúen? **Son eufemismos (cambio de significado por causas psicolóxicas), neste caso co fin de agochar a realidade**
- Di que tipo de relación semántica se establece entre os termos de cada par.  
**S** *efixie / imaxe* **A** *déficit / superávit* **A?** *prólogo / epilogo* **S** *seco / enxoiito*  
**A** *temperán / serodio* **S** *apócrifo / falso* **S** *rexear / refugar* **A** *premio / castigo*  
**S** *extirpar / arrancar* **S** *inerme / desarmado* **R** *pagar / cobrar* **H** *habano / abano*
- Indica en que parellas se produce o fenómeno da polisemia ou da homonimia.  
a) *O meu veciño Xoel non che nada case nada.* **H**  
b) *Escoitouse un trono tan grande que fixo caer o trono do pedestal.* **H**  
c) *Púxoselle cara de contento cando o árbitro botou a moeda e saíu cara.* **P** **[/ de prezo elevado = H]**  
d) *O trovador facía alusión a unha cobra na segunda cobra da cantiga.* **H**
- Cal é o significado das seguintes palabras parónimas?  
*prótase – prótese* *esfolar – esfollar* *disfasia – disfaxia* *eminente – inminente*  
*expiar – espíar* *crítico – críptico* *zoa – zona* *proscribir – prescribir*  
*inicuo – inocuo* *esotérico – exotérico* *apóstrofe – apóstrofo*
- Tenta dar unha definición dos termos seguintes mediante a remisión ao significado oposto.  
*inefábel* *inexorábel* *larafuzas* *ineluctábel*